



AS FERREÑAS

(En vivo e
en directo)

Texto de Paula
Carballeira

Ilustracións
de Nuria Díaz




REAL
ACADEMIA
GALEGA



Deputación
DA CORUÑA



Primavera
das Letras
2025



Aviso da autora:


Este texto é **teatro**, pero tamén é **radio**, e **poesía**, e moitas outras cousas. Imos representar un programa de radio con música en directo, cancións, improvisacións, piques e aturuxos.

Un programa de radio está pensado para ser escoitado, así que esta autora recomenda **ler o texto en voz alta**, en soidade ou en compañía. Se se fai en soidade, debemos ter coidado, porque a xente asústase con facilidade cando ve alguén falando en alto cun público imaxinario. Se se fai en compañía, alén de ser máis divertido, cada personaxe ten a súa voz propia, e iso é moi importante, ter unha voz propia coa que dicir o que pensas, tamén cantando.

Un programa de radio en vivo e en directo quere dicir que hai persoas vivas que o están facendo diante dun público vivo. Non importan as idades de ninguén, nin de onde veñen nin onde van, nin se chove, trona, ventea ou vai sol. O importante é que nese lugar, nese momento, todo é posible, porque se volve teatro, e só no teatro podemos conversar con **Adolfina, Rosa, Eva, Prudencia, Asunción, Manuela e Teresa**, que xa non teñen os pés neste mundo, pero gardámolas na memoria, igual que elas gardaron as coplas, músicas e cantigas doutros tempos.

As palabras viaxan no vento, métese por calquera oco en calquera lugar, entran polas orellas e fannos imaxinar.

Comecemos.



An illustration of a woman with short, wavy orange hair, wearing a black jacket and blue pants, standing on a brown stage. She is holding a large white sign in front of her. The background consists of green curtains. The text on the sign is in Spanish.

ESCENA 1:
PRESÉNTANSE
AS FERREÑAS



ESCENA 1: PRESÉNTANSE AS FERREÑAS

*Un escenario con seis micrófonos.
Entran AS FERREÑAS.
Cantan sobre unha base de música
tradicional con arranxos contemporáneos.*

AS FERREÑAS:

Hei voar coma as palabras,
hei voar coma as cantigas.
Non hai gaiolas que pechen
a voz das miñas amigas.

Libre son e libre serei,
ferreña sen pandeireta,
vento que salta valados,
porta que está sempre aberta.

Xa non ten, non ten,
xa non ten, non ten,
ferreñas non ten,
ferreñas non ten,
xa non ten ferreñas
e mais toca ben.

*Aplausos.
AS FERREÑAS saúdan.*





FERREÑA DE SEXTO:

Moitas grazas, querido público. Somos As Ferreñas! Cantamos o que nos cantaron, pero tamén o que inventamos. Eu son a Ferreña de Sexto, pero podedes chamarme Ferresés.



FERREÑA DE QUINTO:

Eu son a Ferreña de Quinto, pero podedes chamarme Ferrequín.




FERREÑA DE CUARTO:

Eu son a Ferreña de Cuarto, pero podedes chamarme Ferrecar.



FERREÑA DE TERCEIRO:

Eu son a Ferreña de Terceiro, pero podedes chamarme Ferreter.



FERREÑA DE SEGUNDO:

Eu son a Ferreña de Segundo, pero podedes chamarme Ferresegun.

FERREÑA DE PRIMEIRO:

Eu son a Ferreña de Primeiro, pero podedes chamarme Metálica.

FERREÑA DE SEXTO:

Xa estamos. O teu nome artístico é Ferreprín.

FERREÑA DE PRIMEIRO:

Non me gusta.

FERREÑA DE SEGUNDO:

Se ela pode chamarse Metálica, eu tamén quero cambiar.

FERREÑA DE SEXTO:

Non se cambia nada. Quen somos?

Silencio.

FERRESÉS:

As Ferreñas! Acabamos de presentarnos! Outra vez: Quen somos?

FERREÑAS:

As Ferreñas!

FERRESÉS:

E por que?

Silencio.

FERRESÉS:

Por que nos chamamos así?

Silencio.



FERREQUÍN:

(Timidamente) Porque somos duras coma o ferro?

FERRESÉS:

Tamén, pero non.

FERRECAR:

Porque somos pesadas coma o ferro?

FERRESÉS:

Tamén, pero non.

FERRETER:

Porque somos fortes coma o ferro?

FERRESÉS:

Tamén, pero non.

FERRESEGUN:

Porque somos de ferro?

FERRESÉS:

Non, non, non!

FERREPRÍN:

Eu quero chamarme Metálica.

FERRESÉS:

(Desesperada) Non podes chamarte Metálica, porque as ferreñas son as que están na pandeireta, as que soan cando baten entre elas. Chámanse así, ferreñas, e nós chamámonos As Ferreñas porque cantamos as cantigas que acompañan as pandeiretas.



FERREQUÍN:

Si, pero dámoslles un aire novo.

FERRECAR:

Somos ferreñas do século XXI.

FERRESÉS:

E que cantamos?

FERRETER:

Isto parece un exame.

FERRESÉS:

(Insiste) Que cantamos?

FERRESEGUN:

Canciós?

FERRESÉS:

Que canciós?

FERREPRÍN:

Canciós bonitas?

FERRESÉS:

Canciós que nos cantaron!
Canciós que escoitamos!
Canciós que levan cantándose moitos, moitos anos!



FERREQUÍN:

Tamén inventamos algunhas...

FERRESÉS:

E por que cantamos?

FERRECAR:

Estoume poñendo dos nervios con tanta pregunta.

FERRETER:

Cantamos porque si.

FERRESEGUN:

Porque nos peta.

FERREPRÍN:

Porque queremos.

FERRESÉS:

E para que non se esquezan as letras das cantigas, que non desapareza a poesía que levamos aquí dentro.

FERRECAR:

Iso! Que ben o dis!

FERRETER:

A miña nai di que na miña cabeza só hai aire.

FERREQUÍN:

Mellor, as cantigas viaxan polo vento.

FERREPRÍN:

Eu quero voar.

FERRESEGUN:

Ti vaste esnafrar.

FERRESÉS:


Imos co programa?

FERREÑAS:

Veña, vai!

AS FERREÑAS van colocando a escena coma un estudio de radio: mesas, cadeiras, micrófonos, auriculares, mesa de son...



An illustration of two young girls on a stage. The girl on the left has curly brown hair and is wearing a red plaid dress and white boots. The girl on the right has straight black hair and is wearing a white and black striped shirt and green pants. They are both smiling and holding a large white sign. Above their hands, there are white lines radiating outwards, suggesting a high-five or a celebratory gesture. The background consists of green curtains and a brown floor.

ESCENA 2:
CANTIGAS PARA
ESCORRENTAR O FRÍO
DO INVERNO

ESCENA 2:
CANTIGAS PARA ESCORRENTAR O FRÍO DO INVERNO

Na mesa, están FERRESÉS, FERRECAR e FERRESEGUN sentadas diante dos micros, cos auriculares postos.

No apartado técnico, FERREQUÍN encárgase de poñer música.

FERRETER ten unha chea de obxectos para facer os sons e FERREPRÍN colabora.

Sintonía do programa.

FERRESÉS:

Dámosvos a benvida ao noso programa especial de “As Ferreñas”.

FERRECAR:

Imos escoitar cantigas de antes, cantigas de agora...

FERRESEGUN:

Cantigas que levamos na memoria...

Música misteriosa.

*Ambiente de inverno:
rumores, renxeres...*

FERRESÉS:

Nas noites longas e escuras do inverno, cando non había luz eléctrica, xuntábanse familias enteiras ao redor da lareira.

FERRECAR:

Fóra, caía a choiva.

FERRETER fai o son da choiva.

FERRESEGUN:

Ao lonxe, ouveaban os lobos.

FERREPRÍN:

(Con forza) Auuuuu!

FERRESEGUN:

(Dá un salto co susto. Mira a Ferreprín) Ao lonxe!

NO AR

FERREPRÍN:

(Con menos forza) Auuuu...

FERRESÉS:

Era o momento dos contos...

FERRECAR:

Contos de medo para arrepiar.

FERRESEGUN:

Contos de medo para berrar.

FERREPRÍN:

Aaaaah!



Leeeeaei!



FERRESEGUN:

(Volve dar un salto co susto) Vasme deixar xorda. É que non sabes berrar baixo?

FERREPRÍN:

Eu son máis de aturuxar. *(Aturuxa)* leeeeeeeiii!!!!

FERRESEGUN érguese, ameazante, e vai onda *FERREPRÍN*, que pecha a boca e fai xestos de poñerlle unha cremalleira, por se acaso. De súpeto, *FERRETER* tamén aturuxa.

FERRETER:

leeeaaaeiii!!!

FERRESEGUN:

Que fas?

FERRETER:

A min tamén me gusta aturuxar.

FERRECAR:

Os aturuxos afastan o medo.

FERRESÉS:

Os aturuxos chaman pola festa.

FERRESEGUN:

Moi ben. Imos quedar xordas, pero non pasa nada, é o que nos presta.

*Aturuxan.
Rin.*

FERRESÉS:

Os aturuxos chegan tan lonxe que ata poderían escoitalos as Cantareiras das Letras.

FERRECAR:

Quen?

FERRESÉS:

As mulleres ás que se lles dedican as Letras Galegas.

FERRESEGUN:

Por cantar?

FERRESÉS:

Por cantar con tanto xeito. Por transmitir a poesía das cantigas.

FERRECAR:

(A FERRESÉS, con admiración)
Pero que ben falas!

FERRESÉS:

Moitas grazas.



FERREPRÍN:

Cantamos nós?

FERREQUÍN:

Mellor que canten elas.

FERRESEGUN:

Pero... non están mortas?

FERRETER:

Facemos un conxuro radiofónico para traelas de volta?

FERREQUÍN:

Non fai falta.

FERREQUÍN amosa uns discos de vinilo.

FERREQUÍN:

Vou poñer un disco destes e así podemos escoitalas.

FERRETER:

Pono de atrás para adiante. Así é como se contacta co outro mundo.

FERRECAR:

(A FERRETER, con admiración) Canto sabes!

FERRESEGUN:

A min estame entrando un chisco de medo.

FERREPRÍN:

A min non.

FERRETER:

Pon o disco.

FERREQUÍN:

De atrás para adiante ou de diante para atrás?

FERRESÉS:

Tanto ten.

FERREPRÍN:

Nós imos aturuxar.

FERRESEGUN:

Por que?

FERRECAR:

Para que nos escoiten ben.

FERRESEGUN:

Ai, ai, ai, ai, ai...

FERREQUÍN pon o disco.

Aturuxan.

Rin.



FERRESÉS:

E agora... Silencio!

Calan.

FERREQUÍN quita o disco.

Escoitan.

Nada.

FERRETER:

Boh! Non funcionou.

FERRECAR:

Xa me parecía a min.

FERRESEGUN:

Aínda menos mal.

FERREQUÍN:

Se cadra puxen mal o disco.

FERREPRÍN:

Pono outra vez!

FERRESÉS:

Escoitade!

Soa un aturuxo, pero tan lonxe que parece vir doutro lugar, dun lugar afastado.

Miran cara a onde soou o aturuxo.

Séntese música de pandeiretas.

E así, como traídas dun Outro Mundo, van entrando AS CANTAREIRAS DAS LETRAS.



AS CANTAREIRAS DAS LETRAS



ESCENA 3:
AS CANTAREIRAS
MÁIS FAMOSAS
DO SEU TEMPO



ESCENA 3: AS CANTAREIRAS MÁIS FAMOSAS DO SEU TEMPO

*Como na radio e no teatro
todo o pode a imaxinación, as
CANTAREIRAS DAS LETRAS
aparecen diante dos ollos do
público.
Preséntanse.*

CANTAREIRAS:

Aquí vin, aquí cheguei,
aquí me mandaron vir.
Aquí está o meu corazón
se o queres recibir.

Son Manuela desde Mens,
veño ben acompañada
por Asunción e Teresa
para facer a foliada.

Somos Adolfina e Rosa,
chegamos desde Cerceda.
Tía e sobriña famosas
e aínda moito nos queda.

Eu son Eva Castiñeira
e fun nacer en Muxía.
Xa cantaba de pequena
no baile e na romaría.

Aquí estamos nós as sete
de entre toda a veciñanza,
no nome de moitas outras
que vivimos na lembranza.

Acaban de cantar.



CANTAREIRAS:

Bótalle un baile, Teresa!

Tocan a pandeireta e Teresa baila.

FERRESÉS, FERREQUÍN, FERRETER e FERREPRÍN aplauden entusiasmadas. FERRECAR e FERRESEGUN fican abraiadas.

FERREQUÍN:

Funcionou! Trouxémolas de volta.

FERRETER:

Xa o sabía eu.

FERRESEGUN:

Ai, ai, ai, ai!

FERRECAR:

E dixeron que estaban vivas!

FERRESÉS:

Dixeron que estaban vivas na lembranza.
Nós lembrámonos delas e apareceron.

FERRETER:

Puxemos as súas voces e viñeron...

FERRECAR:

...desde o Outro Mundo!

FERRESEGUN:

Ai, mimadriña!

*FERRESEGUN E FERRECAR
buscan un lugar onde agocharse.
FERREPRÍN achégase ás
CANTAREIRAS.*



**FERREPRÍN:**

Ola! Eu son a Ferreña de Primeiro, encantada de coñecelas. Poden chamarme Metálica.

PRUDENCIA:

Eu son Prudencia, tanto gusto, que non me presentei na cantiga.

EVA:

Perdoa, dixeches que eras unha ferreña?

FERRESÉS:

Chamámonos así, As Ferreñas. Facemos música, radio e poesía.

ROSA:

Mira, tía, coma nós.

ADOLFINA:

Si, nena, pero elas son máis novas.

FERREQUÍN:

Moito máis novas. Poderíamos ser as súas bisnetas.

FERRETER:

Ou tataranetas. Ou tataratataranetas.

FERREQUÍN:

Non te pases.

ASUNCIÓN:

E aturuxades ben forte!
Escoitámosvos desde o Máis Alá.

FERRESEGUN:

Vedes? Son pantasma!

MANUELA:

Temos corpo e temos voz. No teatro todo é posible.

EVA:

Seguimos coa foliada?

TERESA:

Para iso nos chamaron, non?

FERRESÉS:

Tiñamos moitas ganas de coñecelas e de que soubesen de nós.

ADOLFINA:

E quen sodes vós?

ROSA:

As Ferreñas, tía, xa nolo dixeron.

ROSA:

Pero as ferreñas están nas pandeiretas, e aquí hai moita xente e pouca pandeireta.

FERREQUÍN:

Porque somos cantareiras do século XXI.

ASUNCIÓN:

E iso que ten que ver?

FERRETER:

Que lle damos á tradición outro xeito, outro aire.





MANUELA:

A nosa maneira de cantar e de bailar gustaba moito, eh?

TERESA:

Sobre todo a miña. (*Ri, pillabana*)

EVA:

Eu fun a primeira pandeireteira que subín a un escenario cun grupo folk galego famosísimo na época.

PRUDENCIA:

As Pandeireteiras de Mens viaxamos por Europa e por América.

ROSA:

E a miña tía e mais eu improvisamos que dá xenio. Verdade, tía?

ADOLFINA:

Verdade, sobriña.

FERREPRÍN:

Pois nós tamén.



FERRESÉS:

Nós tamén que?

FERREPRÍN:

Nós cantamos, improvisamos e de todo.

ASUNCIÓN:

Se non o vemos, non o cremos.

FERRETER:

Dálle aí.

FERREPRÍN:

Dálle ti.

FERREQUÍN:

(*A FERRECAR e FERRESEGUN*) Non sexades caguiñas e vide axudar.

FERRESEGUN:

Ai, ai, ai, ai, ai!

FERRESÉS:

(*Agarrando a FERRESEGUN*) Vamos! Mortas ou vivas vannos escoitar.





ESCENA 4:

O PIQUE



ESCENA 4: O PIQUE

AS FERREÑAS e as CANTAREIRAS DAS LETRAS pícanse. É un pique entre o presente e o pasado, que sempre acaba en futuro. FERREQUÍN pon unha base musical de percusión, acompañado por algunha pandeireta.

FERREÑAS:

Benvidas sexan, señoras,
que non lles pareza mal.
Somos as ferreñas novas,
tamén sabemos tocar.

CANTAREIRAS:

Mal non nos vai parecer,
sempre que toquedes ben,
porque por moito falar
non nos ides convencer.



FERREÑAS:

Tiñan que estar moi contentas
de que falemos galego.
Hai quen prefire o inglés
e canta que mete medo.

CANTAREIRAS:

E contentas nós por que?
Non estades nesta terra?
Logo que ides falar?
Ou non hai quen vos entenda.

FERREÑAS:

Somos novas coma os tempos,
hai que pensar no porvir.
Seguimos facendo versos
vós non estades aquí.

CANTAREIRAS:

Como que aquí non estamos?
Nunca deixamos de estar.

Sobre todo neste ano
que a xente nos vai
honrar.

*AS FERREÑAS quedan
caladas. Non se lles
ocorre nada.*



FERRESÉS:

Veña! Dicide algo! Hai que replicarlles!

FERREQUÍN:

A min non me vén nada á cabeza.

FERRECAR:

A min tampouco.



FERRETER:

A ver: "Vós seredes moi honradas..."

FERRESEGUN:

Moi ben! Sigue!



FERRETER:

Sigue ti! Eu non sei que máis dicir.

FERREPRÍN:

Sigo eu: "Quero ir rematando xa, que teño fame."



FERRETER:

Iso non rima.

FERREPRÍN:

Pero é así, róxenme as tripas.

AS CANTAREIRAS *sorrín.*



PRUDENCIA:

Seguídenos a nós e acabamos xuntas.

CANTAREIRAS:

Esta vai por despedida
Esta vai por...



FERRESEGUN:

...aí!

EVA:

"Esta vai por aí"? Paréceche que lle cadra ben?



FERRESEGUN:

Foi o primeiro que se me ocorreu.

ADOLFINA:

Pois pensa máis.



ASUNCIÓN:

Se imos despedirnos, imos botar a última copla, non?

FERREÑAS:

Si.



MANUELA:

E como se chama a última copla?



FERRETER:

Maruxa?



TERESA:

Como se vai chamar Maruxa unha copla?



FERRETER:

Eu que sei!



MANUELA:

Se é a última copla, é a...



FERRECAR:

...mellor!

ADOLFINA:

Non hai maneira, están aparvadas!

ROSA:

Dálles unha oportunidade, tía.

**PRUDENCIA:**

Esta vai por despedida
Esta vai por de...

EVA:

...rra...

ASUNCIÓN:

...dei...

FERREÑAS:

...RA!

Aplauden.

*AS FERREÑAS brincan
de contento.*

ADOLFINA:

Derradeira, si, derradeira.
Nin que fose tan difícil!

ROSA:

Fácil, fácil, tampouco era.

EVA:

A cantar, que para iso viñemos.

Cantan todas.

FERREÑAS E CANTAREIRAS:

Esta vai por despedida
Esta vai por derradeira

CANTAREIRAS:

Acabouse o chocolate
Rompeu a...

*AS CANTAREIRAS miran AS FERREÑAS.
AS FERREÑAS míranse entre elas.*

FERRESEGUN:

Que pasa?

FERRESÉS:

Temos que acabar a frase.

FERRETER:

Por que? A frase é súa.

FERREQUÍN:

Para axudarlles coa cantiga.

FERRECAR:

Porque van maiores, claro.

FERREPRÍN:

Van vellas.

AS CANTAREIRAS indígnanse.

CANTAREIRAS:

Eh! Un respecto!

ADOLFINA:

Estas vellas sabemos máis ca vós.

ROSA:

Tranquila, tía, non te enfades.

EVA:

Normal que se enfade.

ASUNCIÓN:

Vimos aprenderlles e mira como nos tratan.

PRUDENCIA:

Só nos chamaron vellas, e vellas somos.

TERESA:

Tampouco tanto...

MANUELA:

Pois que acaben elas a cantiga sen nós.

AS CANTAREIRAS calan e miran desafiante AS FERREÑAS.

FERRESEGUN:

Teño medo. Mirannos mal.

FERRETER:

Esas mulleres poden facer calquera cousa.

FERRECAR:

Nós tamén. Como era?

FERRETER:

O que?

FERRECAR:

A cantiga.

FERREQUÍN:

Se a teñen gravada, búscalo nun momento.

FERRESÉS:

Non vos lembrades de nada do que dicía?

FERREPRÍN:

Dicía algo de que se acabara o chocolate... Coa fame que teño

AS FERREÑAS cantan.

FERREÑAS:

Esta vai por despedida, esta vai por derradeira. Acabouse o chocolate rompeu a...

FERREQUÍN:

...cafeteira!

AS CANTAREIRAS rin. AS FERREÑAS calan.

EVA:

Unha cafeteira, di!

TERESA:

Éche ben simpática a ferreña.

PRUDENCIA:

Onde levas o chocolate para beber?



FERRECAR:
Nunha cunca.

ASUNCIÓN:
Máis grande.

FERRETER:
Nunha xerra.

MANUELA:
Ten que ser algo cun nome que acabe en "...eira", para que rime, para que lle acaia á cantiga.

FERRESEGUN:
Nunha "xarreira".

ROSA:
Iso non existe.

FERREPRÍN:
Nunha ensaladeira!

EVA:
Como vas levar o chocolate nunha ensaladeira? A ensaladeira é para a ensalada.

FERREPRÍN:
Eu levo o chocolate en calquera sitio: nunha cunca, nunha xerra, nunha ensaladeira, enriba dunha torta ou dunha galleta.

ROSA:
Se a ensalada vai nunha ensaladeira, o chocolate irá nunha...

FERREÑAS:
Chocolateira!

ADOLFINA:
Por fin! Seredes novas, pero tedes o cerebro atrofiado.

Agora son AS FERREÑAS quen se indignan.

FERREÑAS:
Eh! Un respecto!

ROSA:
Tía!

ADOLFINA:
Sobriña!

PRUDENCIA:
Novas ou vellas, imos cantar todas xuntas.

ASUNCIÓN:
Que non se diga!



TERESA:

Toca a pandeireta, Eva, e nós imos detrás.

*EVA comeza a tocar a pandeireta.
Despois, súmanse as outras.
Cantan todas xuntas, FERREÑAS
e CANTAREIRAS.*

FERREÑAS E CANTAREIRAS:

Esta vai por despedida,
esta vai por derradeira.
Acabouse o chocolate,
Rompeu a chocolateira.





**ESCENA 5:
A DESPEDIDA**

*Como adoita acontecer no teatro, acaban os piques en festa, resólvense os conflitos e levántase o ánimo.
Ilusión e esperanza, que nos fai boa falta.*

EVA:

Veña, mozas, que aquí xa estivemos.

FERREPRÍN:

Fálanos a nós?

FERRESEGUN:

Non creo.

FERRETER:

Pois elas mozas, mozas, o que se di mozas...

MANUELA:

Que?

FERRETER:

Nada, nada...

ADOLFINA:

Acaba a frase, non sexas mexericas.

ROSA:

Acouga, tía. Razón non lle falta. Mozas fomos, pero xa non somos.

TERESA:

Vellas tampouco.

ASUNCIÓN:

Agora somos aire, somos vento,
somos lembranza.

FERRECAR:

Que bonito lle quedou!

ASUNCIÓN:

Moitas grazas!

PRUDENCIA:

Grazas a todas vós, por traernos de volta.

FERREQUÍN:

(Facéndose a interesante) Cantan
vostedes moi ben, e eu diso sei.



FERRESÉS:

Importaríalles quedar só un pouco máis, para despedir o programa connosco?

ADOLFINA:

Que programa?

ROSA:

Un programa de radio, tía. Mira como teñen todo preparado.

EVA:

Non nos importa nadiña.

MANUELA:

Quedamos encantadas.

AS FERREÑAS volven aos seus sitios na mesa e na técnica.

AS CANTAREIRAS quedan de pé, mirándoas.

FERREQUÍN pon a sintonía do programa.

FERRESÉS:

Chegou o momento de poñerlle punto e final ao noso programa de hoxe, un programa diferente, no que escoitamos as voces das cantareiras ás que se lles dedican as Letras Galegas, no nome de todas as mulleres que seguen dándolle vida á nosa poesía popular.

FERRECAR:

Falas tan ben, Ferreña de Sexto, que ata dá mágoa rematar.

FERRESÉS:

Se falo así é porque me aprenderon, igual que me aprenderon a cantar.

FERRESEGUN:

Grazas por vir, señoras das Letras!

CANTAREIRAS:

Grazas a vós por nos convidar!

Saen cantando.

CANTAREIRAS:

Levádeo, nenas, levádeo,
o cantar da nosa terra.
Levádeo, nenas, levádeo,
levádeo que ben se leva...



FERREPRÍN:

Xa podemos ir comer?

FERRESÉS:

Podemos.

FERREPRÍN:

(Aturuxa) leeeeeei!

*AS FERREÑAS aturuxan
todas e acaban
cunha copla.*

AS FERREÑAS:

Hoxe non cantamos máis,
esta vai por despedida.
Quen quedou ata o final,
caia de patas arriba!

Aplausos.

Sáudos.

Alegría.





REAL
ACADEMIA
GALEGA



Primavera
das Letras
2025

primaveradasletras.gal



Deputación
DA CORUÑA